

ACTA NÚM. 14/2019.

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 13 DE NOVEMBRO DE 2019.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 14,00 horas do día 13 de novembro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:
JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA.(PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:
PABLO LAGO SANMARTÍN.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.
CARLOS NOYA PEREIRA.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.

-. PP:
MARÍA FARIÑA BELLÓN.
NATALIA FARIÑA GARCÍA.
WALDO CARBALLO GARCÍA.

-. BNG:
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Non asiste:
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 16 DE OUTUBRO DE 2019.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDO DE DETALLE.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 16 DE OUTUBRO DE 2019.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión núm. 13/2019, do 16 de outubro de 2019.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDO DE DETALLE.

Dada conta da proposta da alcaldía do 21.10.2019, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 12.11.2019, que transcrita di:

A Xunta de Goberno Local do Concello en sesión de data 31.07.2019, adoptou o seguinte acordo:

“” 5º) APROBACIÓN INICIAL DE ESTUDOS DE DETALLE.

b) Deuse conta do documento denominado: Estudo de detalle para ordenar os volumes edificables, redactado desde o servizo de urbanismo do Concello, pola arquitecta municipal Mónica Arias Carriba e polo asesor xurídico urbanístico Carlos Abal Lourido, asinado con data 30.07.2019, para ordenar os volumes edificables da parcela con referencia catastral nº 6663917NH2466N0001RQ, situada no lugar de Lamiño – Brión.

A Xunta de Goberno Local como órgano competente do Concello, por delegación da alcaldía do 20.06.2019 (BOP 03.07.2019), por unanimidade acorda:

1º) Aprobar inicialmente o documento: Estudo de detalle para ordenar os volumes edificables referenciado, e sometelo a información pública como mínimo durante un mes, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, e solicitarase o informe sectorial preceptivo da Xunta de Galicia en materia de cultura, consonte co establecido no art.80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Á vista do resultado da información pública, o Pleno como órgano competente do Concello aprobarao definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.””

Realizada a notificación aos titulares catastrais dos terreos afectados que consta no expediente e a publicación dos edictos de exposición publica no xornal El Correo Gallego do 09.08.2019, no Diario Oficial de Galicia do 04.09.2019, e no taboleiro de edictos do Concello, con data 07.10.2019, rematou o prazo de exposición pública, non téndose presentado ningún escrito de alegacións.

Solicitado o informe sectorial preceptivo da Xunta de Galicia en materia de cultura, a Consellería de Cultura e Turismo con data 15.10.2019 remite informe favorable.

Unha vez cumpridos os trámites legalmente establecidos, e transcorrido o período de exposición pública, procede levar a cabo a aprobación definitiva do estudo de detalle.

A competencia para a aprobación definitiva correspóndelle ao Pleno segundo o art. 22.2.c. da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local (en adiante LRBRL), debendo ser adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación segundo o disposto no art. 47.2.ii. da LRBRL.

Por todo o anteriormente exposto, propono ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar definitivamente o Estudo de detalle para ordenar os volumes edificables, redactado desde o servizo de urbanismo do Concello, pola arquitecta municipal Mónica Arias Carriba e polo asesor xurídico urbanístico Carlos Abal Lourido, asinado con data 30.07.2019, para ordenar os volumes edificables da parcela con referencia catastral nº 6663917NH2466N0001RQ, situada no lugar de Lamiño – Brión.

O presente acordo notificarase persoalmente aos interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo no Diario Oficial de Galicia, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da Lei do solo de Galicia, para os efectos de inscribir o estudo de detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia. Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da provincia.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Dada conta da proposta da alcaldía do 07.11.2019, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 12.11.2019, que transcrita di:

Vista a existencia de facturas correspondentes a diversos servizos e subministros prestados no ano 2018, que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían, porque foron presentadas no Rexistro Municipal de entrada nos meses de febreiro, marzo, maio, xuño e setembro de 2019.

Considerando a efectiva realización dos servizos e subministros por parte dos terceiros acredores, constando facturas acreditativas de cada un dos gastos.

Esta Alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas relacionadas a continuación, emitíndose o informe de Intervención con data 7 de novembro de 2019, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non se recoñeceron naquel exercicio ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

Por tanto, en aplicación do devandito do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación, por un importe total de CATORCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON TRINTA

E SEIS CÉNTIMOS (14.291,36 euros) con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente:

RELACIÓN F/2019/63

Nº de Entrada	Data	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Aplic.
F/2019/598	26/02/2019	447,70	B70054002	JAVILUZ ELECTRICIDAD S.L.	FRA Nº 2019036; INSTALACIÓN NOVA LUMINARIA EN CAXUSA	2019 165 60900
F/2019/615	01/03/2019	200,86	B70054002	JAVILUZ ELECTRICIDAD S.L.	FRA Nº 2019040; CANALIZACIÓN TUBO PREVIAMENTE A PAVIMENTACIÓN POR CONSTRUCCIÓN VIVENDA	2019 165 60900
F/2019/919	27/03/2019	4.473,09	B15631161	MAQUINARIA AGRICOLA O RUBIO	FRA Nº 2019 16; SUBMINISTRACION E REPARACION TRACTOR SAME E5523BBD - OBRAS	2019 1532 62300
F/2019/921	27/03/2019	4.719,00	B15497142	GRUPO BACOGA GALICIA, S.L.	FRA Nº 02/19; ALUGUER XENERADORES FESTAS - AGOSTO A OUTUBRO 2018	2019 338 22699
F/2019/1440	07/05/2019	77,80	A65067332	COMERCIALIZADOR A REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº RE19137000094808; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/BOAVENTURA (BOMBEO) - PERIODO 05.12.2017 A 31.12.2017.	2019 161 22100
F/2019/1458	10/05/2019	60,00	B15981186	OFIAGUS S.L.	FRA Nº 551 211800700; MATERIAL REPOSICION ESCOLA INFANTIL	2019 323 22199
F/2019/1758	06/06/2019	114,94	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	FRA Nº 1190315444; SGAE REPRESENTACION LOS SUEÑOS DE TRUCAS NO CENTRO SOCIAL O 03.01.2018	2019 338 22699
F/2019/1759	07/06/2019	165,76	A65067332	COMERCIALIZADOR A REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº 01160150001681; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/ CORUXIDO 9001 ALPUBL - PERIODO 17.12.2015 A 25.01.2016	2019 165 22100
F/2019/1760	07/06/2019	186,42	A65067332	COMERCIALIZADOR A REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº 01160150001242; SUBMINISTRO ELECTRICO LG/VILARIÑO 9700 ALPUBL - PERIODO 17.12.2015 A 21.01.2016	2019 165 22100
F/2019/1804	14/06/2019	85,44	A65067332	COMERCIALIZADOR A REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FS17137000365037; REGULARIZACION SUBMINISTRO ELECTRICO LG/GANDARA 0006 BOMBEO - PERIODO 01.04.2014 A 13.05.201	2019 161 22100
TOTAL		10.531,01				

RELACIÓN F/2019/64

Nº de Entrada	Fecha	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.
F/2019/3289	16/09/2019	3.760,35	S1511001H	XUNTA DE GALICIA	LIQUIDACIÓN Nº A/013/0030/M/01; CANON AUGA EDIFICIOS MUNICIPAIS ANO 2015	2019 160 22501
TOTAL		3.760,35				

Segundo.- Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e dez minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González